

# DÍA DE CHOIVA EN NOVA YORK

Woody Allen, 2019

# 598

ESTREA EN NUMAX: 11.10.2019 | V.O.S.E. | +7

*A Rainy Day in New York* (2019, 92')

**Dirección:** Woody Allen

**Guión:** Woody Allen

**Elenco:** Timothée Chalamet, Elle Fanning, Selena Gomez, Jude Law, Annaleigh Ashford, Rebecca Hall, Diego Luna, Liev Schreiber

**Son:** Thomas Varga

**Fotografía:** Vittorio Storaro

**Montaxe:** Alisa Lepselter

**Dirección de arte:** Santo Loquasto

**Vestuario:** Alice Bee

**Produtora:** Gravier Productions, Perdido Productions

**Distribuidora:** A Contracorriente

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Irrational Man*, 2015

*Match Point*, 2005

*Balas sobre Broadway*, 1994

*Delitos y faltas*, 1989

*Hannah y sus hermanas*, 1986

*Zelig*, 1983

*Manhattan*, 1979

*Annie Hall*, 1977

## SINOPSE

Dous mozos amantes pasan unha fin de semana en Nova York. A cidade será testemuño das embarazosas leas nas que se ven envoltos.

«Un divertido e amistoso riff entre *O gran Gatsby* e *O vixía no centeo*»

Matthew Thrift, LITTLE WHITE LIES



## “Interésame a xente con problemas”

Entrevista con Woody Allen

Por Borja Hermoso

### Por que adora os días de choiva? Por que mellor os ceos grises que o sol?

Porque a luz é máis bonita. E porque creo que neses días as persoas pensan máis desde o seu interior, desde a súa alma. A miña é un pouco triste... e se abro a xanela pola mañá e fai sol, resúltame desagradable. En cambio, encontro que as cidades son fermosas baixo a choiva. París, Londres, Nova York, San Sebastián son moi bonitas... pero se chove son máxicas. En San Sebastián, por exemplo, o clima é unha bendición, o verán parece primavera. E chove. Nas miñas películas o importante sucede case sempre cando chove. Pero quen invisten nelas quíxanse de que é caro rodar con choiva. Sobre todo porque, cando quero rodar con choiva, case nunca chove e temos que fabricala e usar cisternas. Eu ás veces chamo a Deus para que faga algo, pero nada, nin unha nube.

**Vendo ao novo protagonista de *Día de choiva en Nova York* descubriendo Manhattan, un non pode evitar pensar no mozo Woody Allen descubriendo Manhattan... Hai nostalxia nesta película?** Desde logo que a hai, pode estar seguro, esta película está chea, o mesmo que outras miñas.

**A nostalxia, ese monstro? ou a nostalxia, ese bálsamo?** A nostalxia, esa trampa. Camus fala dela como

unha trampa sedutora, e eu caio nela constantemente, sobre todo cando falo de Nova York. De neno, era unha gran cidade. Eu diría que o foi até finais dos anos cincuenta. Entón empezou a modernizarse dun modo que non me gusta moito, xa sabe, lugares novos e feos ocupando o sitio de lugares antigos e deliciosos, tendas de caramelos que desaparecían, o tráfico que empezou a empeorar... e ao cabo de certo tempo, moita delincuencia. E hoxe a praga son as bicicletas! Van pola beirarrúa, asáltante, pasan o semáforo en vermello, é unha tolemia. En fin, que Nova York non é o que era.

**Neste filme temos a un director que non quere acabar a súa película, un estudante que non quere seguir na universidade e un mozo que non se quere casar... Parece unha película habitada polo Bartleby de Melville: «Preferiría non facelo».** É verdade, é así, que curioso, non o pensara. O protagonista, Gatsby, quere facer o que el quere facer, non o que lle piden os seus pais que faga, estudar e ser elegante e todo iso. Ou sexa que, en efecto, «prefire non facelo». Prefire ser un xogador, ou tocar o piano de noite en bares cheos de fume.

**Diría que observar e diseccionar — poida que tratar— a personaxes en crise é unha das especialidades da casa Allen?** Pois si. Necesítalos para o drama. Personaxes en situacións críticas. Senón, cando ves un western, ou unha de gánsteres, ou calquera tipo de película emocionante, hai persoas en crise, sacan pistolas, foxen dos soldados, sofren... E os meus personaxes, igual. Sempre teñen unha crise emocional. Os personaxes que

non a teñen, para min non son interesantes, nin divertidos. Non me interesa a xente habitual, interésame a xente con problemas. Sobre todo, emocionais.

**Por exemplo, xente con dúbidas angustiada no medio dun mundo de certezas?** Certamente.

**Por que cre que a dúbida — non digamos xa o erro— carece de todo prestixio? Non cre que iso ten un impacto negativo na educación dos nosos nenos?** Seguro, e iso si que o coñezo ben. É máis, hoxe estamos a asistir á morte do artista. Iso é triste. O artista hoxe ten medo de arriscarse no que fai e no que di porque ten medo das consecuencias. Lamentablemente, no meu país, se fracasas, non hai moita marxe. En Estados Unidos non hai tolerancia fronte ao fracaso. E é terrible ensinarlles iso aos nenos. Hai que estar disposto a fracasar, e máis na miña profesión. Secaraste como ser humano se vives toda a túa vida medorento de fracasar. Esa é unha maneira terrible de vivir.

Publicado en elpais.es  
Tradución: Olalla Cociña

### O director

Woody Allen (Nova York, 1935) é considerado un dos máis influentes directores de cinema do século XX. Ten participado na realización de máis de cincuenta filmes, entre os que destacan *Manhattan* (1979), *Annie Hall* (1977), *Hannah y sus hermanas* (1986), *Poderosa Afrodita* (1995) ou *Match Point* (2005). Mestre da traxicomedia, Allen sabe mesturar como ninguén a soidade do ser humano contemporáneo e urbanita con temas como o amor, o sexo, a relixión e, na meirande parte dos seus filmes, a cidade de Nova York. Gañou 21 Oscar e 8 Globos de Ouro, aos que se engaden varios premios Bafta e o Príncipe de Asturias das Artes en 2002.

### NA LIBRARÍA NUMAX

*Conversaciones con Woody Allen*, Jean-Michel Frodon. Paidós, 2002  
*Manhattan*, Woody Allen. Tusquets, 1999  
*Interiores*, Woody Allen. Tusquets, 2002  
*Adulterios*, Woody Allen. Tusquets, 2008  
*Maridos y mujeres*, Woody Allen. Tusquets, 2004  
*Sueños de un seductor*, Woody Allen. Tusquets, 2005  
*Todo lo que usted quiso siempre saber acerca del sexo*. Woody Allen. Tusquets, 2003  
*Woody Allen. Trilogía londinense*. Divisa [DVD]  
*Colección Woody Allen vol 1, 2, e 3*. Fox [DVD]  
*Match Point*. Warner Bros [DVD]  
*Manhattan*. Fox [DVD]  
*Irrational Man*. Eone [BluRay & DVD]

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org



## MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que agardas para abonarte?

Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.  
#eusondennumax